

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 26 de xuño de 2018

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 29 de xuño de 2018.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesión s do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta anterior correspondente á ordinaria do día 25 de maio de 2018.
- 2.- Aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo.
- 3.- Aprobación inicial do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2018.
- 4.- Expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario n.º 2/2018.
- 5.- Modificación do contrato do servizo de estacionamento de vehículos nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai, no relativo ao cadro de tarifas e a ao canon concesional.
- 6.- Moción do Grupo Socialista sobre os dereitos da cidadanía española no exterior.
- 7.- Moción do Grupo Popular para a modificación dos criterios de concesión de novas autorizacións para a plantación e ampliación de viñedos.
- 8.- Moción do BNG relativa ao mantemento en condicións adecuadas das administracións en Galicia da AEAT así como dos postos de traballo precisos para tal efecto.
- 9.- Moción de Democracia Ourensana relativa a prestarlles apoio institucional e económico aos afectados polo trastorno do espectro autista e ás súas familias.
- 10.- Moción do BNG a respecto do proxecto de minaría na zona denominada Man da Moura.
- 11.- Moción do Grupo Socialista para a posta en marcha dunha rede cultural propia da Deputación de Ourense.
- 12.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 13.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
 - Presidencia: mes de maio de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de decembro de 2017, 3º de xaneiro, 2º de febreiro, 2º de marzo e 1º de abril de 2018.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de maio de 2018 e dos seguintes adicionais: 4º de xaneiro, 3º de febreiro, 2º de marzo e 1º de abril de 2018.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de maio de 2018.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de maio de 2018.
- 14.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,